


Antón Pombo Rodríguez, O Cardeal don Miguel  
Payá y Rico (1811 – 1891). Bispo de Cuenca,  
Arcebispo de Compostela e Primado de España,  
Instituto Teolóxico Compostelán – Consorcio de  
Santiago. Dirección Xeral de Turismo. Santiago de  
Compostela. 2009. 1.196 pp.

Xesús Andrés López Calvo

A estas alturas resulta innecesario presentar o servizo de publicacións do Instituto Teolóxico Compostelán. Unha institución académica eclesiástica que, nos últimos anos e da man do seu actual director o Prof. Segundo Pérez López, ofrece preto de sesenta volumes agrupados en catro senlleiras coleccións: “Collectanea científica compostellana” (29 obras); “Monografías” (5 obras); “Cátedra Cardeal Quiroga” (16 obras) e “Cátedra Baltasar Pardal” (4 obras), ademais doutra dúcia máis de títulos fora de colección. Quen queira ver o avance de certos coñecementos no eido do fecundo diálogo fe e cultura, ou mesmo as pescudas e conclusións de especialistas en singulares materias das ciencias eclesiásticas terá, por forza, que facer uso destas publicacións.

A base do volume que nos ocupa é a tese de doutoramento que, co mesmo título, foi dirixida polo Prof. X. R. Barreiro Fernández na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela en xaneiro do 2005. Co rigor típico deste tipo de investigacións, o autor pretende encadrar, non amplo ámbito de investigación, a traxectoria histórica do cardeal Payá, auténtico líder do episcopado español daquela época, sempre disposto a baterse contra o regalismo na defensa dos dereitos da Igrexa e ultramontano ata a medula.

Non son precisamente as biografías da xerarquía católica un dos temas preferidos para a investigación histórica. Se cadra porque o investigador nunca ten claro si, ó remate, está a facer historia eclesiástica, política, social ou mesmo historia das mentalidades. Sen embargo, Payá e Rico é o prelado español que máis cargos e honores acadou durante a segunda metade do século XIX, a peza clave na aplicación da política vaticana en España, caracterizada pola restauración do réxime de cristiandade no longo pontificado de Pío IX e pola distensión posterior promovida por León XIII, en aberta oposición co carlismo e favorecedora da creación do par-



tido confesional “Unión Católica” e, xa estrictamente no ámbito compostelán, un dos referentes do rexurdimento do fenómeno xacobeo, logo do descubrimento dos restos do Apóstolo na catedral.

Co rigor típico de quen escribe –segundo as súas propias palabras- “co reforzo das potencias da alma e maila asistencia das virtudes cardinais, preferentemente da Prudencia”-, o autor describe, contextualiza e analiza os sucesos vitais dun home que, aínda que no seu día pasaron desapercibidos agora procura ordenalos sistematicamente e integralos, de maneira lóxica, nun proceso total e coherente dende a metodoloxía da reconstrución retrospectiva.

Como xa indicamos o Dr. Pombo Rodríguez, preséntanos neste libro os froitos da súa tese doutoral logo dun proceso de doce anos de duración. Saca á luz gran parte da documentación primaria sobre a que se sustenta un dos piares fundamentais do seu traballo doutoral: a vaticana que procede do Arquivo da Nunciatura de Madrid. A análise e seguimento cronolóxico das fontes, ofrecen ó lector unha visión profunda das relacións entre Igrexa e Estado, sobre todo das súas tensións, por exemplo, verbo da aceptación do liberalismo e do control e orientación da educación.

O libro estruturase en cinco partes: na primeira introdúcese o fío argumental que contextualiza o campo de estudio e os documentos que se van a presentar. Logo aparece a, non breve, reseña biográfica do cardeal Payá y Rico. A continuación establécese o catálogo das obras do cardeal e o ideario que delas se destila. Por último, as dúas últimas partes describen e analizan a actividade pastoral e social de Payá nos seus diversos servicios eclesiais. Aquí votamos de menos unha achega respecto á catequese e á divulgación da doutrina cristiá, así como unha maior extensión no tratamento da fundación do Manicomio de Conxo. Uns apéndices documentais engaden valor ó resultado final desta obra, pois grazas a eles podemos realizar unha pescuda histórica, case intimista, moito máis profunda que as realizadas ata o de agora en anteriores investigacións. Apoiado por un coidado estilo literario, culto e directo, o traballo realizado polo Dr. Pombo Rodríguez é un exemplar a ter en conta para todos aqueles que queiran realizar próximas investigacións da historia eclesiástica da España décimonónica.

Esta biografía, formalmente moi completa, de seguro convencerá tanto ós entusiastas das biografías como ós estudiosos da historia da Igrexa.

